



Boletín de Medio Ambiente



Praia de As Furnas

Concello: Porto do Son

Características: Areal de area branca e fina, en forma rectilínea, augas azul claro e en mar aberto, normalmente ventosa, con gran ondada. Debido ao seu vento e ondada practícanse deportes como o surf ou windsurf.

Nunha parte da praia, pódense observar zonas de rocas que forman grandes gretas e oquedades. Nestas rocas, fórmanse canles, piscinas e pequenos lagos naturais de auga salgada, sobre todo cando baixa a marea.

Noticias

Multa da UE pola mala xestión das augas residuais

España foi condenada polo Tribunal de Xustiza da UE (TJUE) en 2011 polo incumprimento da normativa europea. Os sucesivos gobernos fallaron en garantir a súa aplicación e a Comisión remitiu de novo o caso á xustiza europea que esta semana ditou sentenza condenatoria.

O TJUE impón unha multa de 12 millóns por incumprir a lexislación europea en materia de xestión de augas residuais en aglomeracións urbanas desde hai dezasete anos. A suma aumentará en 11 millóns cada semestre que a administración española siga sen respectar o dereito europeo.

Fonte: El Mundo

Expulsión do oso Goiat

O oso *Goiat* foi capturado en Eslovenia e liberado en 2016 no Parque natural do Alt Pirineu en Isil (Lleida) no marco do programa europeo de reintrodución do oso pardo *Pyros life*. Desde un principio mostrou un ímpetu depredador pouco común na súa especie, segundo os expertos. Pero desde abril deste ano producíronse unha quincena de ataques á gandería, circunstancia que puxo en pé de guerra ao sector.

Tras meses de presión do sector gandeiro, o Goberno catalán propón a súa captura e traslado, de producirse trataríase da primeira expulsión dun plantígrado da cordilleira fronteiriza.

Fonte: El Pais

Parálzase o almacén de residuos nucleares

O Ministerio para a Transición Ecolóxica decidiu paralizar o permiso de construción do almacén para residuos nucleares en Villar de Cañas. O ATC (Almacén Temporal Centralizado) é unha custosa infraestrutura —o seu orzamento rolda os mil millóns de euros— cuxa localización estivo envolta na polémica. O Consello de Seguridade Nuclear avalou o emprazamento elixido en xullo de 2015. Aínda que foi un visto e prace conflictivo.

O proxecto viuse atrasado en numerosas ocasións, sendo o 2018 o ano no que se prevía que estivese operativo. As centrais nucleares en activo, mentres tanto e debido aos atrasos, foron construindo almacéns individuais dentro das súas instalacións para gardar o perigoso combustible gastado dos seus reactores.

Fonte: El País

Ondas de plástico no Caribe

A ONG Parley for the Oceans viralizou un vídeo co título “Alerta de emerxencia plástica”, que mostra a chegada á costa de Santo Domingo, a capital da República Dominicana, de toneladas de plástico.

As imaxes mostran como ondas de residuos chegan á terra, preto de Praia Montesinos,, onde máis de 500 traballadores públicos mobilizáronse para unha operación de limpeza. Durante o primeiros tres días de traballo, a ONG calcula que se interceptaron máis de 30 toneladas de plástico.



Fonte: La Vanguardia

Máis delitos contra o medio ambiente no 2017

Os delitos por incendios forestais e por malos tratos aos animais domésticos foron os que máis aumentaron no ámbito do medio ambiente durante 2017 con respecto ao ano anterior. Os datos facilitados pola Fiscalía de Medio Ambiente e Urbanismo revelan que por malos tratos animais incoáronse 914 expedientes, fronte aos 774 do ano anterior, e por incendios forestais iniciáronse 1.048 procedementos, 183 máis que en 2016.

Por danos ao medio ambiente ditáronse 155 sentenzas condenatorias (101 máis que en 2016); por danos ao patrimonio histórico foron 23 sentenzas condenatorias (dúas máis); por danos á flora e a fauna foron 316 (53 máis que en 2016). Os incendios forestais xustificaron 136 sentenzas condenatorias, un número algo menor que o ano anterior (140) e os malos tratos a animais domésticos motivaron un aumento das sentenzas condenatorias, xa que pasou de 103 en 2016 a 163 en 2017.

Fonte: 20 Minutos

Sabías que...

un recente estudo revela que a primeira das cinco grandes extincións masivas de especies na Terra, que se produciu fai ao redor de 450 millóns de anos, produciuse debido a que os océanos quedaron sen osíxeno durante polo menos un millón de anos. Isto desencadeou a aniquilación do 85% da vida mariña.

Boas Prácticas

Lidl deixa de vender plásticos dun só uso

O supermercado Lidl anuncia que deixará de vender artigos de plástico dun só uso, como palliñas, pratos, vasos e cubertos de plástico, ou bastonciños de algodón, a partir do ano 2019. As tendas da cadea manterán a venda destes artigos ata que se esgoten existencias, e irán introducindo progresivamente alternativas máis sustentables e reciclables que xa están a desenvolver cós seus provedores.

Este compromiso, que forma parte da súa estratexia de sustentabilidade ambiental e da súa decisión de reducir o plástico un 20% ata 2025, chega despois da súa determinación de eliminar as bolsas de plástico antes de que acabe 2018.

Fonte: El Independiente

Campo de traballo das Illas Cíes

A Campaña de Verán "Vive a túa aventura", unha iniciativa da Xunta de Galicia, conta xa con 28 campos de traballo para a preservación do medio ambiente. De todos eles, o das Illas Cíes é o máis demandado de España, e acolle a 30 mozos de entre 18 e 30 anos que se reparten en 4 quendas ao longo de xullo e agosto. Estes voluntarios realizan labores de limpeza, reforestación, vixilancia de incendios e talleres de divulgación.

Este ano a súa principal liña de traballo é "Plastics Free", unha campaña de recollida de plásticos, sensibilización e divulgación acerca das súas ameazas.

Fonte: Faro de Vigo

Novo Plan de Mobilidade da Deputación de Badaxoz

A Deputación de Badaxoz lanza o Plan de Mobilidade de Vehículos Eléctricos en Municipios (Movem), dotado de 7 millóns de euros, que busca fomentar o uso do vehículo eléctrico e a accesibilidade á recarga de vehículos no territorio.

A medida contempla a adquisición de 200 vehículos eléctricos, 180 deles para os concellos da provincia, e a implantación de 30 electrolineiras ou puntos de recarga ao longo da provincia.

Fonte: Ecoticias

Axenda Ambiental

- Ata 26/07/2018 Consulta pública sobre a avaliación do Sétimo Programa de Acción en materia de Medio Ambiente da UE
- Ata 15/08/2018 WaterPix photo competition
- Ata 31/08/2018 Concurso "ECOVIDRIO apoia a túa iniciativa sustentable"
- 03/09/2018 – 05/09/2018 3º Congreso Internacional de Migración de aves e Cambio Climático. Tarifa
- Ata 5/09/2018 Reto Ebbe Nielsen 2018

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: medioambiente@dacoruna.gal